

Apelidos e nome	Motivo da exclusión
Besteiro Rodríguez, José Luis	1, 2, 3, 4
Blanco Santos, David	1, 2, 3, 4
Boente Gallego, César	1
Cabado López, José Ángel	1
Canitrot Caeiro, Amando Miguel	1, 4
Carballo Piñeiro, Juan Manuel	1, 2, 3, 4
Carrera Domínguez, Miguel Ángel	1
Casares Martíns, Brais	1, 2
Castrillón Pérez, Marco Antonio	1
Comesaña Rial, Carmen	1, 2, 3, 4
Costas Campos, José Manuel	1
De Dios González, Antonio	1
De la Fuente Romy, Ignacio	1
Del Río Polo, Pablo	1
Dimitrov Dakov, Nikolay	1
Dobal Lee, Mario	1
Dos Santos Brito, Bruno	1, 3, 4
Dur Bozoanca, Gheorghé	2
Enache, Calin Cosmin	1
Esperón Muñíos, José Manuel	1
Esperón Muñíos, Juan	1
Fall Fall, Amadadou Ladine	1
Feijoo Pereira, José Luis	1
Fernández Domínguez, Miguel	1
Fernández Expósito, José Luis	1
Fernández Fernández, Alexander	1
Fernández Pérez, Laureano	1
Fernández Taboada, Diego	1
Ferreira Camiña, Antonio	1
Ferro Álvarez, Daniel	1, 3
Folgueira Rodríguez, Manuel	1
Garrido Blanco, José M ^a	1
Garrido Pombo, José	1, 2
González Barcia, Miguel A.	3
González González, Alberto José	1
González Riveiro, Silvia	1
González, Jorge Omar	1
Gutiérrez Petrovicha	1, 3, 4
Hervella Varela, Enrique Antonio	1
Juan Vilas, Juan David	1
Laranxeira Alonso, Alberto	2
Leiro Fernández, Alberto	1
López Concepción, Marcos	1, 2, 3, 4
López Pérez, Ismael Antonio	1
López Potente, Emilio José	1, 3, 4
López Vispo, José Luis	1, 2, 3, 4
Luque Dellunde, Eusebio Jesús	1
Martínez Menor, Alexander	1
Martínez Vila, Juan José	1, 3
Martínez Villanueva, Luis Antonio	1, 2, 3, 4
Monteagudo Fontanillas, Raúl	1, 2, 3
Murias Fernández, José Manuel	1
Ndiaye Seck	1
Otero Castro, José Manuel	1
Pazos López, Alberto	1, 2, 3, 4
Pérez García, Manuel	1
Pérez Otero, Paulino	1, 3
Plamen Eugeniev, Todorov	1
Radio Carrera, Abraham	1

Apelidos e nome	Motivo da exclusión
Riádigos García, José Ramón	1, 2, 3, 4
Rodríguez Borbón, Constante	1
Rodríguez Enríquez, Olegario	1, 2
Rodríguez Ferreira, Marcos	1
Rodríguez Ferreira, Raquel	1
Rodríguez González, Juan	1, 2, 3, 4
Rodríguez López, Jorge	1
Rodríguez Martín, Daniel	5
Rodríguez Multa, José Ricardo	1
Rodríguez Rego, Marcos	1
Senra Lorenzo, Rafael	1
Soliño Gándara, Pablo	1, 2, 3, 4
Soutullo Núñez, Pablo	1, 2, 3, 4
Suárez Lema, Gonzalo	1, 2, 3, 4
Tapia Godoy, Hugo Alejandro	1, 2, 3, 4
Tato Fernández, José	1, 2, 3, 4
Varela Velo, Ana Martina	1
Vasil Ognyanov, Marinov	1
Vázquez Deibe, José Manuel	1, 2, 3
Vázquez Soñora, Manuel	1, 2, 3, 4
Vicente Gómez, Mikel	1, 2, 3, 4

Código	Descrición
1	Certificado de penais non presentado
2	Non achega fotocopia compulsada do DNI ou documento que acredite nacionalidade
3	Non achega fotografías tamaño carné
4	Documento xustificativo de aboamento de taxas non presentado
5	Solicitude sen asinar

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 2 de xuño de 2010 pola que se convoca o Seminario luso-galaico de dereito local. Dereito do urbanismo.

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o ano 2010 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración co Núcleo de Estudos de Dereito das Autorquias Locais e Mestrado em Dereito das Autarquias Locais da Universidade do Minho, Centro de Estudos Jurídicos do Minho e Comissão de Coordenação de Desenvolvemento Regional do Norte, o Seminario luso-galaico de dereito local. Dereito do urbanismo, conforme as seguintes bases:

1. Obxectivos.

Afondar no estudo da rehabilitación urbana dentro do marco normativo de Galicia e Portugal. Comparar a rehabilitación urbana dos centros históricos en Galicia e Norte de Portugal, así como analizar os aspectos máis positivos e máis negativos do réxime xurídico da rehabilitación urbana. Mellorar a práctica da rehabilitación urbana e propoñer eventuais reformas nesta parcela do urbanismo.

2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

- A participación dos cidadás no dereito do urbanismo.
- Rehabilitación urbana dos centros históricos.
- Controis administrativos no dereito do urbanismo.

3. Destinatarios.

Funcionarios da Administración local, autonómica e de xustiza, avogados, urbanistas, electos municipais e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Monção; Casa Museu da Universidade do Minho, Portugal.

Datas: 18 de xuño de 2010.

Horario: mañá e tarde.

Duración: 6 horas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax

enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo novas.egap@xunta.es.

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedaren prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión chamando por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o mércores 16 de xuño de 2010.

8. Modificacións.

A EGAP resérvase a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento deste seminario, así como a facultade de cancelalo se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Será entregado un certificado de asistencia, ao final do seminario, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 2 de xuño de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego
Director da Escola Galega de Administración Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE			
Apelidos	Nome	DNI	
2. DATOS PROFESIONAIS			
Posto de traballo/profesión	Corpo, subgrupo ou escala (1)	Nivel (2)	
Entidade en que presta servizos: (3)			
Enderezo do posto de traballo: rúa	nº	Localidade	Provincia CP Tfno.
Correo electrónico:			
3. ACTIVIDADE SOLICITADA			
Solicita asistir ao Seminario luso-galaico de dereito local. Dereito do urbanismo, que terá lugar o 18 de xuño de 2010 na Casa Museu da Universidade do Minho, en Monção, Portugal.			
Sinatura,			
..... de..... de..... de 2010			
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como o seu titular responsable, en uso das funcións propias que ten atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro)			

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

Director da Escola Galega de Administración Pública
Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, CP 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)